

O axexo dos libros

Texto: Miguel Seoane
Creación: Urbano Lugrís

A editorial Alvarellos saca do prelo unha moi interesante recompilación da obra esquecida de Urbano Lugrís Freire. Baixo o título *Balada de los mares del norte*, reúnense sesenta e dous textos escritos polo pintor galego entre os anos 1942 e 1973 que van desde poemas a contos pasando polos ensaios. Ademais, a obra acolle medio cento de ilustracións moi pouco coñecidas do creador galego, entre elas todas as portadas que realizou para *Vida Gallega*, entre as que reproducimos a que leva por título *Alegoría carnavalesca*, de marzo do 1957, que xunto ós manuscritos inéditos completan a parte gráfica dun volume que supera as 300 páxinas.

Esta edición editada correu a cargo de Olivia Rodríguez, profesora da Universidade da Coruña, investigadora que realizou ademais a introdución e os apéndices xa que, para esta profesora, "a achega de Lugrís á cultura galega ten un valor que aínda hoxe non se calibrou na súa xusta medida". Esta afirmación non está de máis, de termos que conta que tiveron que pasar trinta e cinco anos desde a morte do autor e cen desde o seu nacemento para que a abraiante obra escrita do pintor vexa por fin a luz nun libro. Este volume, doutra volta, culmina cun vello desexo do artista, feito público a comezos dos anos 60 pero que, por distintas causas, non se puido materializar ata o de agora

da man de Alvarellos Editora. Os textos de *Balada de los mares del norte* publicáronse entre os anos 1942 e 1973 en revistas como *Vida Gallega* ou *Atlántida*, en xornais como *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia* ou noutras publicacións dispersas. Acolle tamén escritos ou ilustracións cos que agasalaba os amigos e coñecidos, algúns dos cales ven agora a luz por primeira vez. En fin, *Balada de los mares del norte* descóbrenos o poeta barroco, o narrador de ficción e tamén un orixinal ensaísta, o que fai que o editor Henrique Alvarellos destaque "o rigoroso traballo de investigación e de tratamento dos textos de Lugrís desenvolvido pola profesora Olivia Rodríguez, que rescatou dúcias de escritos esquecidos ou perdidos do pintor cun resultado realmente brillante e definitivo para a recuperación presente e futura da obra deste home".

Urbano Lugrís González, nacido na Coruña no 1908 e que faleceu en Vigo no 1973, foi un dos pintores máis salientables de Galicia e un dos xornalistas españois máis orixinais e inspirados. Fillo de Manuel Lugrís Freire e pai do tamén pintor Urbano Lugrís Vadillo, a súa obra pictórica está consagrada ó mar e con esta temática deixounos lenzos insuperables. Paralelamente á súa creación plástica cultivou vieiros como o de escritor, que principiou xa nos anos corenta e que se prolongou ata o final do seus días. No entanto, nunca viu publicado en vida ningún libro, os seus textos quedaron espallados por publicacións periódicas ou ben inéditos. Esta obra pretende facerlle xustiza a este autor.

RECOLLE TODAS AS PORTADAS QUE REALIZOU PARA 'VIDA GALLEGA' XUNTO A MANUSCRITOS INÉDITOS DO PINTOR

FAI XUSTIZA CUN GRAN CREADOR QUE ENDEXAMAI LOGROU VER PUBLICADOS OS SEUS ESCRITOS NAMENTRES VIVIU



'BALADA DE LOS MARES DEL NORTE'

Dende o pozo do esquecemento

Alvarellos Editora saca do prelo unha moi interesante recompilación da obra esquecida de Urbano Lugrís Freire na que logra reunir, da man de Olivia Rodríguez González, sesenta e dous textos escritos polo pintor galego entre os anos 1942 e 1973, ademais de medio cento de ilustracións moi pouco coñecidas deste magnífico creador

